



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

SA-Harmonías en movemento
04-Amplifica-sons

Amplifica-sons

Achega

- Toca-discos montado na actividade anterior.
- Varias caixas de cartón de diferentes tamaños e grosos de cartón.
- Coitelo de precisión.
- Disco de vinilo vello.

Observa

Na actividade anterior aprendiches a crear un toca-discos con material de refugallo. É un dispositivo básico pero pode reproducir a música gravada nos sucos do vinilo.

Indaga

- En esencia un gramófono está formado por un fonocaptor (a agulla), que traduce en vibracións as diferenzas de profundidade impresas no suco do vinilo. Outro elemento indispensable é o corpo amplificador, que aumenta a amplitude desas ondas -e polo tanto o volume- ata facelas audibles.
- Fíxate que os fonógrafos estaban montados enriba dunha caixa de madeira; será unha casualidade ou terá algún motivo? De que xeito poderíamos lograr amplificar aínda máis o son producido polo noso toca-discos?
- Pensa tamén sobre a propagación do son e se ten algo que ver coa colocación e apertura do triángulo que fixemos.

Prototipa

- Colle o toca-discos de cartón; imos desenvolver un sistema de amplificación básico que se poida acoplar e que sexa quen de aumentar o seu volume para unha mellor escoita.
- Nunha primeira fase escolle varias caixas de cartón de diferentes tamaños e formas e coloca o toca-discos enriba de cada unha delas. Notarás diferenzas na calidade do son experimentando con varios modelos de caixas.
- Nunha segunda fase perfora as caixas co coitelo, creando primeiro un oco circular pequeno. Proba facendo o oco máis grande ou varios ocos.
- Anota todos os resultados e saca conclusións do prototipado.



Sigue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Emprega o acceso de convidados.

